



**CIRCULAR 80/2011**

**(modificada a 12/01/2012) Achéganse os cambios en vermello**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

**CAMPIONATO GALEGO JUNIOR, PROMESA E ABSOLUTO DE  
CAMPO A TRAVÉS, INDIVIDUAL E POR EQUIPOS**

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro do 2012

**Art.1)** O Excmo. Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Atletismo organizarán o vindeiro Domingo día 29 de xaneiro do 2012 o **Campionato de Galicia de Campo a Través junior, promesa e absoluto individual e por equipos** a celebrar no Circuito de campo a través do Monte do Gozo.

**Art.2)** Para o Campionato, a título individual, realizaranse as seguintes clasificacións: *Absoluta (1992 e anteriores), promesa ( 1990, 1991 e 1992) e junior (1993 e 1994) tanto en homes coma mulleres.* E para a clasificación por equipos utilizaranse as seguintes categorías: *sénior (1989 e anteriores) promesa (1990, 1991 e 1992) e junior (1993 e 1994) tanto en homes coma mulleres.*

**Art.3)** Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/12) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

**Art.4).** Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías e unha clasificación absoluta a nivel individual. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo, agás das categorías junior e promesa feminino que será de 3. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría e sexo. E da mesma maneira existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos acadados nas diferentes categorías: senior, promesa e junior, de ambos sexos.

**Art.5)** A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos atletas que non formen equipo no momento da saída.



2. Se un equipo queda incompleto ao final da carreira os clasificados serán incluídos na clasificación individual, pero isto non servirá para reaxustar as posicións dos demais membros dos equipos completos. Os equipos incompletos non serán incluídos na clasificación de clubs.
3. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubs que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
4. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
5. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo, agás na categoría júnior e promesa feminina que será de 3 atletas.
6. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
7. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto (terceiro en júnior e promesa Mulleres), teña finalizado máis preto do gañador da proba.
8. Os atletas promesas en ningún caso puntuarán para a clasificación por equipos senior.

**Art.6)** Realizarase unha clasificación individual absoluta e das categorías junior e promesa, e unha clasificación por equipos nas categorías senior, promesa e junior.

**Art.7).** Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

| CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS |                    |          |                  |                    |
|-------------------------------------|--------------------|----------|------------------|--------------------|
| HORA                                | CATEGORÍA          | SEXO     | DISTANCIA        | VOLTAS             |
| 11:10                               | Júnior             | Mulleres | 5.000 m. aprox.  | Pendente confirmar |
| 11:40                               | Júnior             | Homes    | 7.000 m. aprox.  | Pendente confirmar |
| 12:15                               | Senior-Promesa (*) | Mulleres | 7.000 m. aprox.  | Pendente confirmar |
| 13:00                               | Senior-Promesa (*) | Homes    | 11.000 m. aprox. | Pendente confirmar |

(\*) Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.

**Art.8)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) antes do martes día 24 de xaneiro ás 20:00 horas.

**Art.9)** Os Delegados oficiais dos Clubs, poderán retirar os seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art.10)** A orde de colocación dos equipos respectivos na saída establecerase por sorteo.

**Art.11)** Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

**Art.12)** Entregaranse medallas ós tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así como trofeos ós tres primeiros-as equipos clasificados en cada unha das categorías.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



**Art.13)** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo da descalificación.

**Art.14)** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.

**Art. 15)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.
- Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a [secgeneral@fgatletismo.com](mailto:secgeneral@fgatletismo.com) sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 26 de decembro de 2011